


Manco (en galego)

Yolanda Martínez Adrover



Capítulo 1

Manco

O señor Daimiel desfrutara dunha larga xornada de paseos, nos cales gozara de descansos prolongados namentres daba de comer ás pombas. Cando chegou a casa, o único que quería era remollar as súas carnes lánguidas nunha bañeira chea de auga a rebordar. Esta vez botaría sales de rosa mosqueta para aromatizar o baño e conseguir un líquido lixeiramente encarnado. Tamén aplicaría xel de ducha para lograr unha escuma que tapara tódalas súas intimidades, coma se dun ceo nubrado que cobre de súpeto unha tarde de outono se tratara. A auga sempre lle parecía demasiado quente ao principio, pero logo acostumábase. Mergullábase nas cálidas augas que emanaban un halo de calor fumeante, e alí repousaba ata que as mans, con tódolos seus dedos, engurrábanse, se cabe aínda máis. O seu can Tobías viña de cando en vez a importunar. Dáballe unhas lambetadas e intentaba meterse co seu amo naquel baño termal. O señor Daimiel llo impedía, zafándose do seu amigo peludo. Cando a inmersión relaxante chegaba ao seu fin, preparábase unha boa cea provista de lácteos, froita e algo de proteína, e para rematar, unha infusión. O pobre home chegaba esgotado á cama. O día seguinte volvería comenar cun almorzo de dez noces, seguido de dez quilómetros de marcha. Se non tiña as dez noces, o señor Daimiel baixaba sen miramentos ata o ultramarinos do seu barrio, para proverse ben do froito seco a granel que alí vendían. Aquela mañá non faltaron noces, pero o septuaxenario viuse privado de algo máis importante, algo esencial. Reparou niso cando se dispuxo a camiñar baixo o tórrido sol de xuño. Decatouse de que inon tiña sombra!. O home xirouse sobre si mesmo e deu unha volta de 360º na busca das súas alargadas formas escuras, pero non atopou absolutamente nada. Entón tocouse o corpo apalpándose de arriba a abaixo para saber se existía realmente ou era unha alucinación da súa mente, e a morte xa lle visitara aquela pasada noite. Pero non, puido verificar que era carne e ósos, logo existía. Estrañado, o xubilado emprendeu o seu camiño cruzándose con algúns coñecidos aos cales saudou e lle devolveron o saúdo. Unha proba máis de que el estaba vivo, pois doutro modo todos os demais tamén estarían mortos, e iso sería unha casualidade demasiado peregrina. O señor Daimiel continuou a súa xornada con total normalidade ata que o sol se puxo e caeu a noite. Repetiu o seu baño escumoso con sales aromáticas e auga encarnada como se fose un viño rosado. E somerxeuse. Na cea obviou a infusión do final porque se sentía moi canso e quería ir pronto pra cama. Cando estivo dentro, apagou a luz e pechou os ollos desexando que a súa sombra aparecese de novo ao día seguinte.

Cando o home espertou, o primeiro que fixo foi comprobar coa luz acesa se a súa sombra volvera, pero para o seu desgusto constatou que non fora así. E non só iso, este segundo día os pelos de todo o seu corpo, idesapareceran por completo!. O señor Daimiel entón acariciouse a testa e notou unha suavidade esmagadora. Correu rapidamente para verse fronte ao espello da súa habitación, e o que viu deixouno mudo. El, que sempre gozara dunha boa cabeleira de canas prateadas, agora parecía unha bola de billar. Non sabía que facer. Non entendía que lle estaba a pasar. Pero aínda coa súa sorpresa decidiu saír a camiñar. Iso si, levaría un chapeu que levaba anos sen usar, pero as circunstancias o premían, así que desempouo do seu andel e encaixouno na súa cachola.

O día transcorreu coma de costume, saudando aos seus veciños e coñecidos, dando de comer ás pombas, que de cando en vez se acercaban máis a el. Algunhas incluso se atreveran a posarse enriba dos seus ombros, cal espantallo. Pero o noso querido Daimiel chegou á noite confuso e algo fastidiado, de modo que non se preparou esta vez o seu habitual baño relaxante. Preferiu cear o mesmo que almorzara, dez noces, e ir cedo pra cama. Sen embargo, o día seguinte lle tiña preparada unha sorpresa maior, porque o noso señor amenceu esta vez sen algo máis, sen o órgano máis grande do corpo: a pel. Cando premeu o interruptor e viuse á luz da súa lámpada de noite, comprobou que estaban ao descuberto tódolos seus músculos. Víase perfectamente o fluír do sangue polas súas veas e arterias, o corazón palpar como se fose un pequeno ser vivo dentro del, e todos os seus músculos e tendóns. O señor Daimiel asustouse. Algo raro estaba a pasar e temíase o peor: a morte. Preguntábase se algunhas persoas morrían así, pouco a pouco, desintegrándose ata rematar convertidos en po, como rezaba a Biblia. A pesar diso, Daimiel non se apouvigou e decidiu saír a camiñar, porque se ía morrer prefería aproveitar ao máximo os seus últimos días. Vestiuse, tapándose de arriba a abaixo, con lentes de sol e bufanda en pleno mes de xuño. Hoxe, iso si, escusaba saudar aos seus coñecidos, pois estes non o recoñecerían. E así pasaron as horas, camiñando e parándose a descansar nos parques. A verdade é que se sentía en plena forma. Ata se atopaba máis áxil sen tanto peso. Tentaba ir pola sombra, desa forma ninguén se decatara de que a súa non estaba, e protexía os seus tecidos brandos e vulnerables da radiación.

A noite chegou puntual pero o señor Daimiel tampouco se bañou hoxe, porque agora que tiña as carnes ao ar non podía expoñerse á auga tan quente que a el lle gustaba. Así que preparou a súa cea e deitouse. "¿Que

demo me vai pasar mañá?”, preguntábase ao home.

Esa mañá os ollos do señor non se abriron, pero por unha razón de peso: porque non estaban. Na almofada só descansaba a caveira, e no colchón o resto do esqueleto, formando a derradeira postura que o señor deixou ao durmir. O seu can veu darlle os bos días como era habitual, pero Tobías non recoñeceu ao seu dono. Uliu por toda a habitación buscando ao seu amo pero non o atopaba. Así que decidiu lamber unha falanxe do señor Daimiel pensando se cadra que o seu dono deixárala alí a propósito, que era o seu almorzo. ¡E que gran almorzo!. Non o tiña tan ben acostumado. De maneira que colleu coa súa dentadura canina a falanxe e tirou ata dislocar unha man do home. Levouna á súa cunca e alí puido degustar tan delicioso manxar. Foi entón para Tobías o mellor día da súa vida. ¡Non deixou nin as espiñas!